

BASES PARA A CREACIÓN DE UNHA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS PARA O OA TERRA DE SANXENXO PARA OFICINAS E BIBLIOTECAS.

PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da convocatoria é a creación dunha lista de Auxiliares administrativos Grupo 4 (C2), nivel CD equivalente a 16.

O obxecto da convocatoria urxente ten como obxecto constituír unha bolsa de emprego para a contratación laboral temporal (artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, por o que se aproba o texto refundido de la Lei do Estatuto dos Traballadores) de auxiliares administrativos cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

Necesidades do Servizo, por incremento temporal e excepcional da carga de traballo a fin de garantir o seu adecuado funcionamento, incapacidade temporal, maternidades, paternidades, vacacións ou permisos.

A través desta convocatoria preténdese seleccionar o persoal que integrará a bolsa de emprego auxiliar administrativo e regular a súa cobertura cando concorra algunha das causas sinaladas no apartado anterior. En todo caso, esta/s contratación/s estará/n supeditadas á/s limitacións establecidas na Lei de orzamentos xerais do Estado e á existencia de consignación económica no orzamento municipal.

O tribunal propondrá a vista dos resultados da oposición unha Bolsa de Traballo Temporal de auxiliar administrativo a cal será utilizada segundo necesidades do servizo, bolsa de contratación con vixencia ata 31 decembro 2016, para cubrir substitucións no OA Terra de Sanxenxo.

SEGUNDA. CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro, por o que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público respecto do acceso ó emprego público de persoas doutra nacionalidade
- b) Ter 16 anos e non exceder da idade de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño da función.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- e) Posuír a capacidade para o desempeño do posto de traballo, debendo presentar xunto ca instancia titulación relativa a Graduado ESO equivalente ou superior..
- f) Ter ingresado na conta bancaria de ABANCA nº ES 74 2080 5061 47 3040010797 a cantidade de 7,73 euros fixada como dereitos de exame, na ordenanza municipal publicada no BOP de 15 de decembro de 2011. Aqueles aspirantes que presenten a tarxeta de demandante de emprego en vigor estarán exentos do pago dos dereitos de exame.
- g) Carné de conducir e vehículo propio.

Todos os requisitos anteriores deberán posuírse no intre da presentación das instancias e gozar dos mesmos durante o procedemento de selección, así como en cada suposto nos que os/as seleccionados/as sexan requiridos/as para prestar os seus servizos neste concello.

TERCEIRA. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As instancias solicitando tomar parte do proceso selectivo, no que os/as aspirantes deberán manifestar todas e cada unha das condicións esixidas para tomar parte da convocatoria dirixiranse o Sr. Presidente do Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Sanxenxo de 9:00 á 14:00 horas (13:00 horas de coincidir en sábado), durante o prazo de 5 días naturais dende o día 30 de marzo (mércores) ata o 04 de abril de 2016 (luns). Aqueles aspirantes que presenten en distinto rexistro deberá enviar copia da documentación co selo do rexistro por fax ao nº 986721022.

Xuntarase coa instancia a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
- Currículo.
- Certificado médico orixinal ou informe de saúde orixinal que indique a capacidade para o desempeño do posto.
- Graduado ESO, titulación equivalente ou superior que o/a habilite para o desempeño do posto de traballo.
- Fotocopias que acrediten os títulos que alegue no currículo.
- Documento de abono dos dereitos de exame ou copia da demanda de emprego en vigor.
- Carné de conducir.

Os aspirantes que non reúnan os requisitos esixidos na convocatoria quedarán automaticamente excluídos/as desta.

CUARTA. PROCESO DE SELECCIÓN DOS ASPITANTES

1º) Proba tipo test de carácter eliminatorio (DATA: 06/04/2016 ás 08:30 horas, Concello de Sanxenxo): Referida ao temario ANEXO I. Valorarase de 0 a 6 puntos debendo acadar un mínimo de 3 puntos para considerar como superada a proba e poder pasar a seguinte.

Aqueles aspirantes que superen a proba tipo test convocaranse a través dos listados expostos no Pazo Emilia Pardo Bazán, Concello e Páxina web municipal para o 07/04/2016 as 13.30 horas (Concello de Sanxenxo), para a realización da 2ª proba.

2º) Proba práctica / curricular, 07/04/2016 as 13.30 horas (no Concello de Sanxenxo). Faranse cuestións relacionadas co posto de traballo e a experiencia aportada no seu currículo, o tribunal poderá incluír unha proba práctica, valorándose esta proba de 0 a 4 puntos.

A suma da 1ª proba e da 2ª proba dará o resultado final da oposición establecéndose un listado por orde de maior puntuación a menor puntuación, establecerase unha lista de chamamento a cal estará vixente o longo do ano 2016.

QUINTA. CELEBRACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS

Proba TEST: Mércores 06/04/2016 no Concello de Sanxenxo será ás 08.30 horas.

Proba práctica / curricular: Xoves 07/04/2016 ás 12.30 horas (Concello de Sanxenxo).

SEXTA. ADMISIÓN DOS PARTICIPANTES

A relación dos aspirantes admitidos e excluídos publicarase no Taboleiro de Anuncios do Concello de Sanxenxo ó día seguinte (hábil) a aquel en que finalice o prazo de presentación de instancias.

SÉTIMA. CHAMAMENTO DO PERSOAL DA BOLSA DE TRABALLO TEMPORAL E DISPOÑIBILIDADE

O chamamento farase tendo en conta a orde de puntuación total de aqueles aspirantes que tiveran superado a oposición. O chamamento será por rigorosa orde de puntuación. Deberán estar a disposición para traballar nun prazo máximo de 24 horas. Cada vez que se precise dun/ha auxiliar administrativo procederase ao chamamento por orde de maior nota a menor nota acadada na oposición, descartando a aqueles que xa están contratados, ou que non teñan dispoñibilidade, o chamamento será realizado telefonicamente e/ou por correo electrónico.

OITAVA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal, entendese validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros, titulares ou suplentes. O tribunal adoptará as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

O tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes.

En caso de ausencia do presidente e /ou secretario actuará no seu lugar o vocal titular, actuando como vocal un dos suplentes.

Estará integrado por :

PRESIDENTE : Luís Ángel Sabariz Rolan.

SECRETARIO : Celestino Otero Camiña.

VOCAL: Teresa Reyes Martínez.
Teresa Amado Moldes.
Lucía Bermúdez Paz.

ASESORES: Rosa Maria Otero Carreras.
Maria Eugenia Gonzaga Alonso.
Ana María Sampedro Garrido.
Carlos Granjel Dios.
Ana Belén Martínez Mulloni.

NOVENA. INCIDENCIAS

O tribunal queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o previsto nestas Bases.

Sanxenxo, 29 de marzo de 2016.

O presidente,

Asdo.: Gonzalo Gonzalo Pita.

ANEXO I

- Tema 1.- A Constitución española de 1978. Características, estrutura e contido. Principios Xenerais. Dereitos Fundamentais e Liberdades Públicas.
- Tema 2.- A Organización Territorial do Estado: Esquema xeneral, principios constitucionais. Administración Local. Comunidades Autónomas.
- Tema 3.- O Estatuto Autónomo de Galicia.
- Tema 4.- Fases do Procedemento administrativo xeneral: Principios e normas reguladoras.
- Tema 5.- O persoal laboral nas administracións locais.
- Tema 6.- Concepto e función dos servizos bibliotecarios. Clases de bibliotecas.
- Tema 7.- Bibliotecas Nacionais. Concepto e función. A Biblioteca Nacional de España.
- Tema 8.- As bibliotecas públicas. Concepto e función.
- Tema 9.- As bibliotecas universitarias. Concepto e función.
- Tema 10.- As bibliotecas especializadas. Concepto e fins.
- Tema 11.- Proceso técnico: adquisición, ingreso e rexistro dos fondos en bibliotecas. Ordenación e xestión dos depósitos.
- Tema 12.- Os catálogos dunha biblioteca. Concepto, clases e fins.
- Tema 13.- A clasificación bibliográfica. O Sistema de Clasificación Decimal Universal (CDU).
- Tema 14.- Normalización: ISBD, ISBN, ISSN, NIPO. O depósito legal.
- Tema 15.- As Regras de catalogación españolas.
- Tema 16.- O formato IBERMAC.
- Tema 17.- Os encabezamentos de materia. Encabezamentos de materia para Bibliotecas Públicas.
- Tema 18.- Servizos ós lectores. Referencia e información bibliográfica. Lectura en sala e libre acceso.
- Tema 19.- Servizos a usuarios: Préstamo. Sistemas máis habituais. Condicións e características.
- Tema 20.- Preservación e conservación dos materiais bibliográficos. Encadernación, restauración, dixitalización.
- Tema 21.- Aplicación de Internet á biblioteca.
- Tema 22.- Lei 5/2012, de 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Tema 23.- Difusión da información. Animación á lectura e formación de usuarios nas bibliotecas públicas do Concello de Sanxenxo, características e programas.
- Tema 24.- Instalación e equipamento de bibliotecas.
- Tema 25.- O arquivo. Concepto, funcións e etapas.
- Tema 26.- Os arquivos da Administración Local.
- Tema 27.- O documento de arquivo. Valores do documento.
- Tema 28.- A web municipal, contidos.
- Tema 29.- Coñecemento do municipio de Sanxenxo, servizos municipais.